

Resolución do xx de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral pola que se deixa sen efecto a Resolución do 13 de febreiro de 2020 pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación

O 26 de febreiro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 38 a Resolución do 13 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.

Con posterioridade a dita convocatoria, o 14 de marzo de 2020, publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que entrou en vigor no mesmo momento da súa publicación.

Esta declaración afecta a todo o territorio nacional e, entre as medidas previstas, inclúe restricións á liberdade de circulación de persoas, medidas de contención no ámbito educativo e da formación, no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalaría e restauración, e outras adicionais.

Así mesmo, o citado Real decreto, establece nas súas disposicións adicionais terceira e cuarta a suspensión dos prazos administrativos, así como dos prazos de prescrición e caducidade.

No mesmo sentido, a Resolución do 15 de marzo do 2020 (DOG núm. 51, do 15 de marzo), da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Cento de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e, no oitavo, a interrupción dos prazos de prescrición e caducidade.

No BOE do 18 de marzo publicouse o Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Entre outras modificacións, dáse nova redacción ao número 4 da disposición adicional terceira daquel real decreto. Conforme a súa redacción, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vencellados aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

O BOE número 145, do 23 de maio publica o Real decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. No artigo 9 prevese o levantamento da suspensión de términos e da interrupción dos prazos administrativos, con efectos desde o 1 de xuño, e a reanudación do cómputo de prazos desde ese mesma data.

Pola súa parte, o Real decreto 555/2020, de 5 de xuño (BOE núm. 159, do 6 de xuño), polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 8 o mantemento da vixencia das ordes, resolucións, disposicións e instrucións ditadas polas autoridades competentes delegadas previstas no artigo 4.2 do Real decreto 463/2020.

A aparición do COVID-19 require adoptar medidas dirixidas a protexer a saúde e a seguridade dos cidadáns, así como a conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. Dentro das medidas previstas impuxéronse medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación dos contactos e actividades grupais.

No momento actual, tense iniciado un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición de mobilidade e de contacto social establecidas mediante o citado Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Así, o pasado 28 de abril do 2020 o consello de Ministros adoptou o Plan para a transición cara a unha nova normalidade que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade. Este proceso

articulado en catro fases, da fase 0 á fase 3, ten que ser gradual e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas, e axeitado á situación dos distintos territorios.

O obxectivo fundamental do citado Plan para a transición é conseguir que, preservando a saúde pública, se recupere paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación e evitando que as capacidades do Sistema Nacional de Saúde se poidan desbordar.

O Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (BOE núm. 163 do 10 de xuño) establece, entre o seu articulado, a responsabilidade, por parte dos organizadores de actividades, de asegurar o cumprimento das condicións de seguridade, cando poida apreciarse risco de transmisión comunitaria da COVID-19 por motivos de aforo.

Neste sentido, as probas de avaliación en competencias clave, poñen en risco a saúde das persoas participantes, ao tratarse dunha actividade colectiva que mobiliza unha cifra estimada de preto de 4.000 persoas e que, ademais, se desenvolve nun espazo pechado.

Tendo en conta o exposto, obsérvase que, na realización das probas de avaliación de competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade, non concorren as circunstancias que permitan asegurar o cumprimento das medidas de protección e seguridade que motiven a continuidade do procedemento, polo que, dentro do marco normativo derivado da declaración do estado de alarma e logo de ser oído o Consello Galego de Formación Profesional,

RESOLVO

Primeiro. Deixar sen efecto a Resolución do 13 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.

Segundo. Permitirase reactivar a inscrición a todas aquelas persoas que presentaron a súa solicitude no 2020, sempre que cumpran cos requisitos en tempo e forma e así o manifesten. O sistema de reactivación da solicitude virá recollido na convocatoria do ano 2021.

Terceiro. Esta resolución terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución, conforme o establecido no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Santiago de Compostela, xx de xuño de 2020